

## Á MESA DA COMISIÓN NON PERMANENTE SOBRE AS CAIXAS DE AFORROS

**Xosé Manuel Beiras Torrado e Yolanda Díaz Pérez**, Voceiro e Vicevoceira do **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA)** presentan a seguinte **Proposta de traballo**, consonte o previsto no artigo 11 das normas de funcionamento da Comisión, para a Comisión de Investigación para analizar e avaliar a evolución económica-financeira das antigas caixas de aforros e as causas e responsabilidades da súa actual situación, incluíndo as indemnizacións millonarias dos seus ex directivos.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As antigas caixas de aforros xogaron un papel sobranceiro para desenvolver e apoiar diversas iniciativas produtivas do noso país e para pór en valor o aforro de varias xeneracións de galegos e galegas. Nadas no século XIX para fomentar o aforro das familias traballadoras tiveron unha serie de características que as alonxaron das prácticas da banca privada ate hai ben pouco tempo en termos históricos. Mesmo o seu estatus legal obrigounas a derivar a obra social unha parte significativa dos seus beneficios.

As prácticas desregulamentarias apadriñadas polos sucesivos gobernos, na aplicación dese estricto evanxeo neoliberal, que é a marca de fábrica da actual crise remudaron os fundamentos específicos do quefacer das caixas de aforro, situándoas no plano inclinado do desgobierno, o desbaldimento, a especulación e as prácticas da fraude e o engano aos pequenos aforradores, caso dos milleiros de galegas e galegos roubados cos produtos tóxicos das preferentes e subordinadas. A especulación urbanística e o apoio a iniciativas megalómanas dalgúns responsables públicos configuran a fábrica que preparou a súa amortización.

A crise capitalista, o lustro de crise capitalista que xa levamos no lombo as clases traballadoras, deu pé a privatizar ese aforro popular, pola vía da bancarización definitiva das caixas, promovendo as fusiões, permitiu coñecer o mal goberno destas entidades e as complicidades políticas-económicas que sostiveron esa trama de mal goberno. Galicia perdeu de resultas desa crise, que ten na financiarización exuberante e furiosa da economía o detonador, máis de 125.000 postos de traballo na nosa terra. Crise que é tamén unha estafa porque se utiliza, por parte dos mesmos responsables do seu desencadeamento, como o pretexto para a

desmontaxe dos restos do Estado Social (xa duramente castigado polo “ventenio” neoliberal) existentes. Se recortan de xeito grave os dereitos sociais e laborais, se demolen as condicións de vida e traballo da maioría social traballadora, de todo un pobo.

Crise que ten responsables: a oligarquía financeira, bancos e banqueiros e políticos compracentes. Unha elite que impoñeu un modelo de hexemonía do financeiro sobre a economía real, unha hipertrofia financeira baseada na especulación, na xeración e distribución de produtos financeiros tóxicos, nunha globalización sen normas nen controis nen por suposto valores (agás os do diñeiro rápido), que nos converteu en reféns. Unha actividade financeira que fixo inmensamente rica a esa oligarquía e os seus cómplices políticos e empresariais a costa de facérmonos máis pobres á inmensa maioría social.

**Por iso semella imprescindible realizar un proceso público á banca e aos banqueiros, para saber o que pasou, para depurar responsabilidades e para evitar que volva a suceder.**

**Mais cando a Xunta de Galicia deixou de exercer as competencias que lle outorgaba a lei 4/1996, do 31 de maio, das caixas de aforros de Galicia; nomeadamente os artigos 5,33,38 e 55 e 56 entregáronlle aos sucesivos gobernos galegos capacidades de control para actuar na procura de salvaguardar a natureza fundacional, o seu prestixio e estabilidade económica e financeira.**

Os bancos e as entón aínda caixas son os principais responsables de inflar la burbulla inmobiliaria/financeira que comezou na metade dos 90 co goberno Aznar e seguiu a crecer co goberno Zapatero até o estoupido de 2008, que provocou a maior crise económica de toda a nosa recente historia.

O comportamento das entidades financeiras nesta década móvese entre o irresponsable e o doloso. A súa irresponsabilidade e a súa cobiza, corporativa pero tamén persoal, son a causa principal do elevadísimo nivel de endebedamento co exterior, da insoportable débeda que tiveron que asumir as familias para poder acceder a unha vivenda, das restricións de financiamento a proxectos empresariais sobre os que basear un desenvolvemento sustentable.

Eles son os que provocaron a ruína do país, endebedándonos a todos co obxectivo de facer máis grandes as súas entidades, gañar máis diñeiro para os seus accionistas e asegurarse millonarias retribucións para os seus equipos directivos. Unha xestión dolosa que alcanza niveis extremos nos xestores das caixas de aforros e que nos custou a perda dun patrimonio financeiro colectivo acumulado durante decenas de anos.

O caso do noso país é emblemático destas prácticas, só superado polos casos extremos da Comunidade Valenciana e Madrid. Os directivos das caixas, tamén as galegas, romperon cun modelo de éxito, que tiña máis de cen anos de historia, que foron quen de soportar as múltiples crises do conflitivo século XX e que eles, en pouco máis dunha década, esnaquizaron.

As caixas de aforro galegas eran entidades que xogaban o papel de intermediación entre o aforro e o investimento local, entre os pequenos aforradores e os proxectos de investimento no país, nas actividades produtivas da economía real, realizadas por empresas e autónomos e autónomas localizados na realidade do país. Un modelo eficiente, con bos resultados para todos, con beneficios económicos e sociais, cun nivel de risco baixo e sen problemas de morosidade.

Pero aos sátrapas que xestionaban as caixas galegas isto non lles parecía suficiente. Non lles chegaba con este modelo de “negocio aburrido” que é a banca tradicional. Querían participar no negocio global, saír do seu modelo tradicional, do seu ámbito territorial e expandir a súa actividade. Isto é, romper coa a vinculación ao territorio e á xente, que até entón eran os acenos de identidade do seu negocio, a verdadeira vantaxe competitiva das caixas.

E nese proceso de desnaturalización das súas entidades tomáronse decisións moi negativas que provocaron primeiro a crise e despois a desaparición de entidades con mais de cen anos de historia. Decisións absolutamente cuestionables, tanto na extensión da rede por todo o estado como sobre todo polo tipo de operacións nas que embarcaron ás súas entidades.

Arrinconouse o financiamento da actividade produtiva das pequenas e medianas empresas de Galicia para entrar en operacións especulativas aliándose con grandes

grupos dentro e fóra de Galicia. Abandonáronse os vellos principios das caixas para entrar a participar na economía especulativa de casino cun dobre obxectivo: conseguir retribucións millonarias, en euros, para a elite directiva das entidades e financiar ás empresas, especialmente da promoción inmobiliaria, con vínculos directos cos máximos directivos das entidades. Urbanismo que regou de millóns o financiamento ilegal dos partidos políticos do réximen restauracionista.

Non hai ningunha dúbida que unha das claves fundamentais para explicar a crise das caixas galegas é esta relación perversa entre os seus máximos directivos e os negocios de promoción inmobiliaria dos grandes especuladores, dentro e fóra de Galicia. Porque a participación das caixas no financiamento dos procesos de absorción ou fusión entre grupos empresariais ou o financiamento de proxectos especulativos fóra de Galicia son agora a causa fundamental da morosidade. E esas relacións de mutuo beneficio entre directivos e empresas, das que se beneficiaron mutuamente á conta de todas e todos nós, debe ser investigada.

Porque o quebranto patrimonial de Novagalicia, que foi cuberto coa a achega de máis de 9.000 millóns de euros de fondos públicos a trabes do FROB, está provocado case de forma exclusiva polo fracaso destes macroproxectos especulativos e non pola morosidade vinculada a préstamos hipotecarios ás familias galegas para a compra da súa vivenda.

A responsabilidade da crise de Novagalicia está nos xestores que decidiron financiar, en plena burbulla inmobiliaria/financeira, operacións como as de Martinsa-Fadesa, Astroc ou Seseña. Ou estrañas operacións como o financiamento do armazón empresarial de xentes como Díaz Ferrán. Hoxe a cidadanía temos que pór eses 9.000 millóns ( case 1,5 billóns de pesetas) para cubrir o enorme buraco provocado por esas decisións. Porque o que xerou estas perdas multimillonarias é a obriga de realizar provisións contra a conta de resultados para compensar a perda de valor duns activos inmobiliarios que actúan de colaterais de préstamos irresponsables.

Porque a orixe da crise, que as caixas trasladaron á entidade resultante da súa fusión, non está en decisións aprobadas nos comités de risco das entidades. A orixe está en decisións dos seus máximos directivos de entrar a financiar proxectos irresponsables,

ignorando nas súas decisións as análises profesionais que desde todo punto de vista sinalaban o enorme risco destas operacións. É a perversa comunidade de intereses, os vencellos entre estes directivos e as empresas promotoras beneficiarias das súas decisións, o que explica este comportamento, que é a orixe da crónica dun fracaso anunciado.

En calquera caso, esta xestión desastrosa, irresponsable no mellor dos casos e dolosa no peor, foi aproveitada pola oligarquía financeira española para acabar co modelo das caixas de aforro ao que tantas ganas lle tiñan. O sistema financeiro español estaba dominado por dous grandes bancos que tiñan como única competencia real ás caixas de aforro, que chegaron a alcanzar un 50% de cota de mercado.

A crise provocada pola xestión irresponsable de moitas caixas foi a ocasión - tanto tempo esperada polos bancos - para desfacerse dos seus competidores. Porque esta crise está a ser utilizada pola oligarquía financeira para impulsar un brutal proceso de concentración bancaria constituíndo un auténtico oligopolio financeiro de só tres grandes bancos: Santander, BBVA e Caixabanc.

O enorme poder fáctico destes bancos é o que explica que o PP e o PSOE tivesen como único acordo nos últimos anos, ademais da contrarreforma constitucional imposta por Merkel, os plans para liquidar as caixas de aforro pódose así ao servizo desta oligarquía no seu obxectivo de concentración do capital.

Por todo o devandito até aquí, o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA) ao abeiro do recollido no Regulamento desta Comisión, no seu artigo 11, presenta esta proposta de plan de traballo

1. A análise e avaliación da xestión das antigas caixas para coñecer o proceso que as levou á creba, da súa estratexia empresarial asumindo riscos moi elevados e da estreita vinculación con proxectos especulativos de financiamento tanto inmobiliario como doutro tipo e que provocaron ese buraco de 9.000 millóns de euros.

2. A análise e avaliación da conduta dos responsables da adopción das decisións referidas no punto primeiro.

3. A análise e avaliación das relacións de todo tipo entre os máximos directivos das caixas e as empresas beneficiarias dos préstamos irresponsables que levaron ás entidades a esa crise agónica.
4. A análise e avaliación do proceso de comercialización de produtos de alto risco como as participacións preferentes ou as accións subordinadas entre clientes sen coñecemento financeiro para entender a complexidade e os riscos do que estaban a comprar.
5. A análise e avaliación das responsabilidades do Banco de España e dos partidos políticos que aprobaron a privatización das caixas de aforro, obrigándoas a converterse en bancos e na imposición dun proceso de reordenación do sector ao servizo da oligarquía financeira.
6. A análise e avaliación do entramado societario e en particular das sociedades radicadas no estranxeiro, cunha atención preferente a aquelas con sede nalgún paraíso fiscal, para clarear o volumen da participación das antigas caixas e a tipoloxía das operacións realizadas ao seu traveso.
7. A análise e avaliación da actuación inmoral dos directivos de Novagalicia pero tamén de Caixagalicia e Caixanova, en especial da súa máxima dirección, para fixarse para se mesmas retribucións e indemnizacións millonarias, o que inclúe coñecer o papel dos consellos de administración das entidades na aprobación destas retribucións.
8. A análise e avaliación do papel dos gobernos da Xunta de Galicia, polo menos desde 1995 até a actualidade, no proceso vivido polas entidades, para saber que grao de control e influencia tiveron no proceso de desnaturalización das caixas, na deterioración dos seus balances, no proceso de fusión e de bancarización destes últimos anos e da súa participación na definición do plan de reestruturación presentado pola entidade no Banco de España aprobado pola Comisión Europea.

### Documentación a solicitar y estudiar:

- Todas as actas dos consellos de administración dende o primeiro de xaneiro do ano 2005.
- Todas as actas das asembleas xerais celebradas con posterioridade ao primeiro de xaneiro do ano 2005.
- Todas as actas das xuntanzas da Comisión de control a partires do primeiro de xaneiro do 2005, comisión que tiña entre outras facultades as de supervisar a xestión do consello de administración, velando pola adecuación dos seus acordos ás directrices e resolucións da asemblea Xeral, así como aos fins propios da entidade, outrosí de vixiar o correcto funcionamento da auditoría interna e o coñecemento dos informes da auditoría externa, ademáis da revisión dos balanços e da conta de resultados de cada exercicio anual, formulando as observacións que considerase oportunas.
- A relación de cantos informes, notas, autorizacións e outra documentación se teñan elaborado pola administración galega no exercicio das función e competencias da Consellaría de Facenda e Economía e da Dirección Xeral de Supervisión de Caixas de Aforros e Entidades Financeiras relativos, entre outras a:
  - As análises, supervisión, inspección financeira e sanción en materia de caixas de aforros e outras entidades, no exercicio das función de vixilancia no cumprimento da normativa sobre recursos propios e solvencia e da realización de informes periódicos sobre a evolución económico-financeira das entidades.
  - O control e supervisión dos acordos das asembleas xerais das caixas de aforros galegas relativos á determinación dos excedentes e a súa distribución conforme á normativa aplicable, así como aos orzamentos anuais, á súa liquidación e á creación de novas obras benéfico-sociais.
  - As de protección da clientela destas entidades.
  - A colaboración e coordinación con outras autoridades, órganos, organismos ou entes que teñan encomendadas función supervisoras de caixas de aforro e outras entidades financeiras.
- A relación nominal dos 100 impagados máis importantes atendendo a súa contía, incorporando a información seguinte: nome da persoa física ou xurídica contraínte da débeda, a contía da mesma, o sector produtivo e máis o tipo de xuro.
- A relación nominal dos 200 préstamos máis importantes concedidos, achegando a información seguinte: os nomes das persoas físicas ou xurídicas, a contía dos mesmos, ao sector produtivo o que se destinaron e máis o tipo de xuros.
- A relación nominal dos 100 proxectos de investimento máis importantes, dando conta do nome do proxecto, da súa contía e do domicilio social da empresa.

- Todos os informes de viabilidade que obran en poder das antigas caixas ou de calquera das empresas participadas sobre os principais proxectos de investimento xa sexan de carácter inmobiliario ou de outra tipoloxía nos que participaron as devanditas caixas.

**Comparecencias :**

José Luis Méndez López

Julio Rivero

Enrique Tellado

José Valiño

José Venegas

Javier G. de Paredes

Juan Dapena Traseira

Eduardo Vioque

Francisco Zamorano

José Luis Méndez Pascual

Yago Méndez Pascual

Mauro Varela Pérez

Ramón Seoane

Julio Fernández Gayoso

José Luis Pego

Gregorio Gurriarán

Óscar Rodríguez Estrada

Os diferentes titulares responsables da Consellaría de Economía e Facenda e, en particular, aqueles encargados de controlar a marcha das caixas de aforros segundo dispuña o Decreto legislativo 1/2005, de 10 de maio, polo que se aproba o texto refundido das leis //1985, do 17 de xullo, e a 4/1996, do 31 de maio, de caixas de aforro de Galicia. En relación a esta petición pedimos a comparecencia das seguintes persoas que ostentaron a dirección Xeral de política financeira e do tesouro dende 1995 ate a actualidade: Miguel Ángel Sainero Caballero, José





Álvarez Cobelas, Manuel Galdo Pérez, Eugenio García Lalinde, así como as conselleiras Marta Fernández Curras e Elena Muñoz Fonteriz.

José Luis Olivé

José Luis Regueiro

Juan Sotres Menéndez

Julio Rodríguez López

Nuria Alonso Gallo

Gumersindo Ruiz Bravo

José Miguel Rodríguez Fernández

Ángel Vilariño Sanz

John Grahl

Pedro Páez Pérez

Compostela, 22 de abril de 2013.

**Asdo. Xosé Manuel Beiras Torrado**

**Asdo. Yolanda Díaz Pérez**

**Asinado dixitalmente por:**

**Yolanda Díaz Pérez na data 22/04/2013 13:34:59**

**Xosé Manuel Beiras Torrado na data 22/04/2013 13:35:15**